

Sete pasos para a danza da Pedagogía Ambiental¹ *Seven steps for the Environmental Pedagogy Dance*

Eloísa Tréllez Solís. Asociación Cultural Pirámide (Perú)

Resumo

A pedagogía ambiental como concepto pode levarnos a multitude de aproximacións. As súas expresións son tan numerosas como o foron as experiencias educativas ambientais levadas a cabo nos trinta e catro anos transcorridos desde a moi coñecida reunión mundial en Belgrado de 1975. Tres décadas de diversidade de enfoques, accións e metodoloxías aplicadas que no caso de América Latina foron singularmente creativas e conformaron unha fermosa e vibrante danza que presento en sete pasos que forman parte dunha xenial coreografía, suma de ritmos e cadencias, dos nosos tempos educativos.

Astract

Environmental pedagogy as a concept can lead us to a myriad of approaches. Its expressions are as varied as the environmental education experiences carried out in the thirty-four years that have elapsed since the well-known world meeting in Belgrade in 1975. Three decades of a diversity of approaches, actions and applied methodologies which, in the case of Latin America, have been uniquely creative and shaped a beautiful and vibrant dance. I would like to describe it here in seven steps that are part of a brilliant choreography, the summing up of the rhythms and cadences of our educational times.

Palabras chave

Pedagogía ambiental, metodoloxía, creatividade, cooperación

Key-words

environmental pedagogy, methodology, creativity, cooperation

1 Relatorio presentado no VI Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental, San Clemente de Tuyú, Arxentina, 16-19 de setembro de 2009

A pedagogía ambiental como concepto pode levarnos a multitude de aproximacións. As súas expresións son tan numerosas como o foron as experiencias educativas ambientais levadas a cabo nos trinta e catro anos transcorridos desde a moi coñecida reunión mundial en Belgrado de 1975, onde se aprobaron os principios, metas e obxectivos da educación ambiental, que foron complementados e fortalecidos na reunión de Tbilisi de 1977.

Nestas tres décadas e algo máis, a diversidade dos enfoques, as accións e as metodoloxías aplicados foron realmente interesantes. En particular, América Latina amosou unha singular creatividade, a cal se expresa nunha danza que responde, como o diría o extraordinario músico e compositor venezolano Simón Díaz, á música expresada na xeografía, ás paisaxes e ás culturas desta rexión do mundo.

Así como temos os joropos da chaira, que manifestan a inmensidade dos seus horizontes, contamos coas singularidades de altura dos huainos andinos, cos rítmicos taquiraris das selvas, coa dozura dos vales que percorren os Andes e as costas, coas cuecas e os tangos a moveren os sentidos e os sentimentos, a samba a achegar a súa vital enerxía, así como o flamenco ou as gaitas ibéricas e os fados cheos de doce nostalxia.

Con esa mesma diversidade, a educación ambiental latinoamericana conforma unha

coreografía fermosa e vibrante, na cal poden inserirse algúns pasiños de danza para os sumar aos seus ritmos e cadencias.

Son sete os pasos de danza que quero propoñer para fusionalos co movemento que levamos nestes tempos, coas maneiras e olladas de cada un dos grupos humanos que camiñamos xuntos nestas tarefas de vida. Sete pasos que forman parte da xenial e múltiple coreografía dos nosos tempos educativos...

Estes sete pasos de danza teñen nomes diversos e expresan sentidos, ritmos e sentires.

Son os seguintes: o colibrí, o tempo, o retorno da esgazadura, a axuda mutua, a emoción, o bo humor e a tenrura, e a escoita do amor.

Paso 1. O colibrí

*“Os colibrís
baten as ás 75 veces por segundo,
o seu corpo parece estar suspendido no
baleiro,
voan e voan cara a atrás, cara a diante,
coa cabeza cara a abaixo, cara a arriba, ou
en picado.
A súa vibración produce un son tipo murmurio.
A súa forma de bater as ás configura un ∞.”*

Abordar o tema da pedagogía ambiental incita a pensar no noso rol como educa-

dores e educadoras ambientais nesta marabillosa América Latina, nas nosas “pre-tensións” de acompañar procesos e de abrir as portas cara a unha ollada positiva e construtiva que achegue elementos, así foren diminutos, que contribúan “en algo” á creación dun mundo mellor.

Ora ben, cal é esa achega? De que dimensións estamos a falar cando realizamos, unha e outra vez, achegamentos verbais ou accións específicas que consideramos que poden ser formas de contribución a esa meta. Cales son a nosa opción real, os nosos tempos e vivencias, as nosas ilusións e caídas, os nosos avances e retrocesos?

Sen dúbida, é o colibrí o que nos dá o seu exemplo, a partir do coñecido conto popular:

“Había unha vez un pequeno colibrí que vivía nun bosque. Un día desatouse un incendio, non sabemos se fortuíto ou por obra de mans desalmadas. Os animais do bosque saíron correndo, asustados ante o perigo inminente. Na súa fuxida viron un colibrí que en lugar de saír, volvía ao bosque cunha gota de auga no pico. Houbo unha risa xeral: Seica cres que cunha gota poderás apagar o incendio? –Eu... fago o que podoo, contestou o colibrí.”

O colibrí ten moito que ensinarnos. O seu voo semella o infinito, sabe voar cara a adiante e retroceder se é necesario, ade-

cuarse aos tempos e aos ventos; sábese livián e libre, e por iso non carga con pesares nin cadeas; resúltanlle claras e sinxelas as súas achegas, cunha gota ou co pole que traslada de forma amorosa e desprendida. É multicolor e sensitivo, goza os momentos e murmúranos as súas mensaxes imperceptibles, diminutas e profundas.

GANDHI sinalaba: *“Case todo o que realice será insignificante, mais é moi importante que o faga.”*

A abordaxe fermosa e intensa da vida e da nosa misión, vista como unha gota que conforma o infinito nos niveis galácticos ou microscópicos.

Paso 2. O tempo

“Así como o aire é a atmosfera do corpo, así o tempo é a atmosfera da mente”

PENSAMENTO MAIA

Que nexos temos, daquela, co infinito, coas dimensións do espazo e do tempo?

O manexo do tempo, a velocidade imposta pola sociedade contemporánea, tivo como resultado que nos detivésemos sen nos decatarmos, que cesásemos no desexo de movernos e que confundamos os espazos e os tempos. Distraémonos e non nos atopamos no aquí e menos aínda no agora. O agora confúndese e distorsiónase.

Paul VIRILIO sinala que *“existe outra ecoloxía (...) que é a contaminación das distancias. O fin dos limiares, a compresión temporal. A substancia do mundo non se acha ameazada unicamente pola contaminación e polución do aire, da auga, da fauna e da flora. Tamén temos que nolas ver cunha contaminación do tamaño do espazo do mundo, pola compresión do tempo. Esta baséase na supresión dos limiares do tempo a través da aceleración da comunicación e dos medios de transporte”*¹.

Segundo María Novo, *“o problema do tempo comeza a ser central nas nosas sociedades, non só no que ten a ver coa reconsideración das horas que lles dedicamos ás distintas actividades, senón tamén coa forma en que xestionamos o tempo, a aceleración, a présa ou o sosego que imprimimos ao noso quefacer diario (...). A velocidade é un elemento clave que da man do modelo moderno do mundo, foi acuñando nas nosas sociedades estilos de vida moi agresivos para a natureza, e incluso para nós mesmos. Recuperar o «tempo» da natureza significa abrir paso a unha existencia consciente e responsable”*².

Aqueles que manexan o tempo, manexan a

1 VIRILIO, P. (2000): “Una súbita detención de por vida en la prisión temporal del mundo” en *Revista Nihilismo y Crítica, Et Cétera* n.º 4.

2 NOVO, M. (2006): *El desarrollo sustentable. Su dimensión ambiental y educativa*. Madrid, UNESCO/Pearson Prentice Hall.

nosa vida, escravizannos. Debemos avanzar cara á autodeterminación e xestionar de xeito individual o noso propio tempo, e buscar a achega de colectivos harmoniosos. Estamos a vivir a maior velocidade, a presión polos logros inmediatos é maior, ora que ficamos paralizados fronte aos computadores ou televisores ao crermos que aforramos tempo e que “viaxamos” a outros espazos, perdendo a posibilidade de gozarmos dos contactos directos e das sensacións e vivencias próximas e sinxelas. En síntese, corremos sen avanzar.

Os famosos homes grises encargados de roubar o tempo na coñecida novela de Michael ENDE, *Momo*, amosaban, a través dun dos seus axentes, as maneiras de “aforralo”³:

“Querido amigo –contestou o axente, levantando as cellas–, non sabe como se aforra tempo? Por exemplo, trátase simplemente de traballar máis de présa, e deixar de lado todo o superfluo. En lugar de media hora, dedíquelle un cuarto de hora a cada cliente. Evite as charlas innecesarias. Reduza a media hora o tempo que pasa coa súa nai. O mellor sería que a metese nun bo asilo –se pode ser, barato–, onde a coidasen, e con iso xa aforraba unha hora diaria. Desfágase do inútil periquito. Non visite a señorita Daría máis que unha

3 ENDE, M. (1985): *Momo*. Madrid, Alfaguara [ENDE, M. (2002): *Momo*. Madrid, Alfaguara/Obradoiro].

vez cada quince días, se é que non a pode deixar de todo. Suprima o cuarto de hora diario de reflexión, e, por riba de todo, non perda o seu precioso tempo en cantar, en ler, ou cos seus amigos. Por certo, recoméndolle que colgue na súa barbaría un bo reloxo, moi exacto, para poder controlar mellor o traballo do seu aprendiz.”

Estas frases expresan as formas de secuestrar o tempo que os homes grises aplicaron naquela poboación, o que levou a todos os habitantes a un extremo de escravitude e deterioración. Ora que un dos seus personaxes, Beppo VARREDOR, dános un sinal sobre o ritmo e a ollada no seu labor cotián, do facer e do agora, pois cando sabe que ten moitas rúas por varrer, non mira o final, e indícanos a clave fundamental: *“A cada paso, unha inspiración, e a cada inspiración, unha varrida. Paso–inspiración–varrida”*.

O concepto do tempo interprétase en toda a historia para converxer nun símil central: *“Cada ser humano ten o seu propio tempo. E só mentres siga sendo seu se mantén vivo”*⁴.

Paso 3. O retorno da esgazadura

*“Iso que enche o universo considéroo o meu corpo
e iso que dirixe o universo véxoo como a miña propia natureza.”*

ANTIGO POEMA CHINÉS DE CHAN TZU

O mestre Jorge URIBE SÁENZ, destacado investigador español de orixe colombiana, está a construír as bases da chamada teoría da esgazadura. Esta teoría sostén que a actual situación que vivimos os seres humanos, así como as nosas actitudes e accións destrutivas e depredadoras, están vinculadas á separación, á ruptura que provocamos na nosa relación coa natureza. Nun dos seus textos inéditos, sinala o seguinte:

“Os seres humanos independizáronse da natureza, e ao facelo esgazáronse. É coma se saísemos da órbita e camiñásemos cara á nada. O esquecemento de que pertencemos a un todo é a orixe do euísmo, sexa, é o fundamento da «ilusión» de independencia, que polo xeral asociamos a separación–desprendemento. Pódese ser independente sen des-prenderse. Cada rama dunha árbore crece independente, mais sen se arrancar, sen deixar de pertencer á árbore, ao bosque, ao campo, ao todo.

A esgazadura fai que deixemos de sentirnos parte do todo, e esa falsa ilusión

4 Ídem

de independencia (produto do egoísmo), ademais dunha inmensa soidade, xera o des-interese por algo que parece estar tan lonxe que non nos incumbe.

É porque esquecemos que son as raíces de onde provimos e que nos permitiron crecer e afastarnos, e no novo afán de posuír perdemos a fortuna de sermos posuídos polo todo. Mentres sigamos empeñados en ignorar as raíces, porque non se ven (ou porque as encubrimos) non conseguiremos un desenvolvemento verdadeiramente sustentable. Non poderemos axudar o todo se quedamos fóra, a ignorarmos que somos e formamos parte de todo.

Só poderemos unirnos se recoñecemos a nosa pequenez, que é onde xustamente está a nosa grandeza. Non existiría a praia se non fose pola unión de millóns de graniños de area que só queren ser iso. Ninguén pretende nin desexa ser praia. A vida consiste en transitar por unha praia infinita onde se van atopando cousas que ninguén mira, ás cales, non obstante, podemos darlles o seu valor, ou talvez descubrirllelo⁵.”

A teoría da esgazadura do mestre URIBE formula posibles rutas de reinserción ao todo, en que se opta por unha ollada dual e construtiva, que nos amosa que cadaquén pode achegar algo e que nese sentido todos podemos ser importantes e

5 URIBE SÁENZ, J. (2007-2009) Textos inéditos. Madrid.

necesarios, desde diversas formas e con distintos matices.

Trátase de buscar e atopar o camiño de regreso ao todo. É unha tarefa para cada un de nós, seres humanos que desexamos camiñar por unha ruta cara a mellores e maiores logros nos procesos educativos ambientais.

Necesitamos trazar sendeiros creativos, que partan do noso propio interior, cara ao camiño de retorno. Só así poderemos compartir e amosar, a xeito de compás poético e amoroso, algúns pasos e orientacións do regreso, dirixindo as nosas voces, escritos e sentimentos a aquelas persoas que nos escoitan e que desexan acompañarnos nos procesos de mellora ambiental, na construción da nova utopía, por medio dunha pedagogía que debemos fundamentar na esperanza.

No transcurso do noso camiño pola praia infinita, seguiremos descubrindo, sentindo, valorando...

Paso 4. A evolución e a axuda mutua

Co 200.º aniversario do nacemento de Charles DARWIN, retomamos neste ano 2009 as ideas básicas da teoría da evolución e examinamos de novo os seus fundamentos e principais formulacións.

Neste sentido, é interesante lembrarmos o investigador ruso Piotr KROPOTKIN, quen con base en diversos estudos realizados en Siberia, publicou o libro *A axuda mutua: un factor na evolución*, no cal deu resposta ao chamado “darwinismo social” da época. Na introdución a este libro, KROPOTKIN formulou o eixe do seu pensamento ao afirmar que a evolución xurdiu de procesos de cooperación. Na conclusión do seu libro, indica o seguinte⁶:

“Ao mesmo tempo, outra forza activa –a axuda mutua– foi relegada até agora ao esquecemento completo; os escritores da xeración actual e das pasadas, simplemente a negaron ou se burlaron dela. Darwin, hai xa medio século, sinalou con brevidade a importancia da axuda mutua para a conservación e o desenvolvemento progresivo dos animais. Mais, quen tratou ese pensamento desde aquela? Sinxelamente se empeñaron en esquecerlo. Debido a isto, foi necesario, antes que nada, establecer o papel enorme que desempeña a axuda mutua tanto no desenvolvemento do mundo animal como das sociedades humanas. Só despois de que esta importancia sexa plenamente recoñecida será posible comparar a influencia dunha e outra forza: a social e a individual.”

6 Pódese ler o texto completo *A axuda mutua*, no enderezo electrónico <<http://www.solidaridadesrebeldes.kolgados.com.ar/spip.php?article137>>.

Este recoñecemento da importancia transcendental da cooperación entre os seres humanos, no seu proceso evolutivo, ún-tase coa imaxe dos nosos pensamentos e sentimentos realimentados e converxentes cos doutras persoas, que exercen a súa influencia e nos acompañan desde as súas distintas vertentes. Cada individuo forma parte dese todo que se vai alimentando a partir das súas mesmas raíces.

En investigacións moito máis recentes, a partir de estudos microbiolóxicos, apareceron confirmacións e seguimentos desta teoría da axuda mutua. A Dra. Lynn MARGULIS nun dos seus traballos indica que *“a competencia en que o forte gaña recibiu moita mellor prensa que a cooperación. Mais certos organismos superficialmente débiles sobreviviron a formaren parte de entidades colectivas, mentres que os presuntamente fortes, ao non aprenderen o truco da cooperación, foron botados ao montón de refugallos da extinción evolutiva”*⁷.

Así pois, toda vida aparece como unha forma de cooperación.

Neste sentido, o noso retorno ao tronco é parte dun regreso solidario e converxente coas relacións construtivas cara ao conxunto dos demais seres humanos. Un recoñecemento da vida como parte dun

7 MARGULIS, L. e SAGAN, D. (1986) *Microcosmos*. New Cork, Summit Books.

proceso evolutivo e de cooperación, ao cal a natureza nos convoca, que expresa a necesaria reinserción ao todo.

Paso 5. A e-moción

*“A razón, para non se extraviar,
debe deixarse guiar pola luz do corazón.”*

AL-GAZZALI⁸

A palabra emoción provén do latín *motere* (‘moverse’). É o que fai que nos achegemos ou nos afastemos dunha determinada persoa ou circunstancia. Por tanto, a emoción é unha tendencia a actuar.

Ao recibir informacións sobre as situacións ambientais, non sempre se desemboca nunha intención cara á acción. Precisamos mobilizar internamente outros mecanismos de sensibilidade que nos impulsen a modificar as nosas condutas, ou ben a reformular a nosa ollada sobre os sucesos do contorno, dun xeito crítico e creativo.

A sensibilidade e a emoción convértense en elementos centrais para os procesos educativos e, nese sentido, precisamos o apoio das artes que nos poden acompañar de xeito imaxinativo e sensible cara a outras formas de vermos e sentirmos a vida: a música, o teatro, a danza, as artes pictóricas... son

portas abertas que nos fan mobilizar o noso ser interior, que adozan as nosas vivencias cotiás e lles poñen cor e sabores infinitos.

Achégannos á profundidade de nós mesmos, e lévannos da man cara á natureza e á intensidade do noso ser natural, á vibración do universo e ao sentido da nosa existencia.

Cando intentamos acompañar grupos humanos en procesos educativos ambientais, debemos partir das abordaxes significativas que para a nosa vida foron sucedéndose, e polas cales chegamos á certeza do noso nexo marabilloso, da nosa integración harmónica e única co natural, co universo, coa totalidade. Son unha condución e un acompañamento que nos levan a nós mesmos e á natureza.

Nas súas remotas orixes gregas o termo “pedagogo” relacionábase con aqueles escravos que tiñan como tarefa a de levar a pacer os animais, logo encargáronse de levar os nenos á escola. Nun caso e no outro facíase referencia a unha condución e un acompañamento cara á consecución de alimentos, tema que pode ter connotacións de diverso tipo: a comida e o sustento.

Trátase, daquela, de levar, de acompañar, de conducir as xentes, nenos, nenas, mozos e adultos, cara ao logro dun alimento, dun sustento para a mente, para o espírito. Un sustento nutritivo, orientador e, sobre todo, sensibilizador e emocional.

⁸ AL-GAZZALI (2002): *La alquimia de la felicidad*. Madrid, Ed. Sufi.

Levalos e inserirse nunha busca en que a compañía é só iso, estar ao lado, conducir nalgúns momentos, para que transiten múltiples camiños cara ao encontro dos pastos máis diversos e se nutran deles, sen exclusións nin imposicións.

É unha busca da real identidade, da profunda integración do ser humano coa natureza. Como di Eckhart TOLLE: *“Dependemos da natureza, non só para a supervivencia física. Necesitámola para que nos ensine o camiño á casa”*.⁹

Paso 6. O bo humor e a tenrura

Durante moitos anos, mantívose certa tendencia na educación ambiental relacionada coas “acusacións” (que non son o mesmo que as denuncias). Cun permanente estado de naufraxio, de temores e perigos que nos axexan.

É dicir, tendeu a poñer en evidencia aspectos negativos e condutas nocivas relacionados co ambiente, o que en si mesmo é unha tarefa obvia e natural. Ora ben, seguramente houbo un exceso, até o punto de que de forma maioritaria os procesos educativos se centraron nos “problemas” e as súas eventuais solucións, e con menos frecuen-

cia nas potencialidades e os bos hábitos.

Deste modo foi constituíndose un enfoque de negativismo, de formulacións relacionadas co NON: non cortes, non queimes, non contamines, non botes lixo, non gastes moita auga, non, non... Isto esgota e finalmente pode chegar a producir sentimentos de culpabilidade antes que accións construtivas.

O humor é un elemento que requirimos poñer nun lugar importante nos nosos procesos educativos. A orixe latina da palabra “humor” leva á comprensión de algo líquido, que posteriormente os gregos trasladaron ao mundo da medicina, con HIPÓCRATES, e logo os romanos, con GALENO. O curioso desta versión é que consideraron como bo humor o balance axeitado entre catro tipos de humores ou líquidos predominantes no corpo: o sangue ou bile vermella (de aí veñen os sanguíneos), a bile amarela, a bile negra (de aí os melancólicos) e a flegma (de aí os flegmáticos). E era sinónimo de boa saúde.

É preciso construír procesos positivos a partir dun humor bo, dun sentido equilibrado da vida, abordando elementos creativos para a construción da esperanza, da nova utopía, e deixando de lado os negativismos, os catástrofismos. Cómpre asumir o humor e a risa como elementos dunha vida sa e plena que nos conduce a tarefas construtivas.

En todo iso, requirimos gozar e vibrar con e desde a tenrura, nunha complicidade

9 TOLLE, E. (2005): *Una nueva tierra*. Bogotá, Ed. Norma.

sinxela e alegre. Como dicía o filósofo e escritor Ralph EMERSON: *“No instante en que damos renda solta á nosa tenrura, a terra sofre unha metamorfose”*.

Estamos a tempo de reorientarnos a vida, de transformarnos, de reencamiñarnos os nosos pasos cara a un futuro diferente sustentado na tenrura, de excluírmos as miradas de dureza e de mal humor.

E podémolo facer desde a visión do benestar, de estarmos ben connosco e nós mesmos, de estarmos en paz e ser solidarios coa natureza, de abordarmos os procesos conflictivos desde perspectivas sas e converxentes, a confiar e camiñar na formación dos novos camiños, cun sorriso tenro, con bo humor e humor bo.

Paso 7. A escoita do amor

*“Respira profundamente e permanece en silencio,
mentres percibes o fluír da túa propia existencia como un río
en que a túa alma nada libremente con alegría”*

VESTA

Debemos escoitar e escoitarnos. Gozando e nutríndonos mutuamente, nun proceso de amor á natureza e aos seres humanos no seu conxunto.

Que é o silencio? É o lugar, é o espazo onde se abren as diversas posibilidades.

O silencio traza camiños e reinterpreta as palabras, enmarca a música e sitúa as sensacións vibratorias desde o fondo das enerxías existentes ou por aparecer.

Esquecemos o pracer do silencio, inmersos nos buliciosos feitos cotiáns, ruídos sen fin, sons estridentes que non nos permiten pensar nin atopar a paz. Que nos impiden concentrarnos e gozar dos sons sinxelos e harmoniosos da natureza.

No silencio está tamén a capacidade da escoita. De escoitar-nos, con atención e respecto. A posibilidade de intentar comprender o outro e a outra desde unha perspectiva de amor.

É preciso mellorar a capacidade de comprensión dos saberes do outro, da outra, e iniciar diálogos que se convertan paso a paso na construción colectiva de novos coñecementos provenientes da articulación entre nós, e entre as ciencias “clásicas” e os saberes tradicionais, os coñecementos locais e as percepcións grupais ligadas coas distintas culturas.

Na escoita está a base dunha relación harmoniosa entre os seres humanos, e tamén coa natureza. A ela debemos escoitala e re-coñecernos como parte de todo. Necesitamos que a natureza nos axude a reconectarnos co noso ser interior. E nese proceso, comprender a plenitude o noso papel como seres sociais e naturais, para actuarmos en consecuencia.

O silencio e a escoita.

O pensamento construído entre nós e a acción participativa.

O universo engrenado nun movemento e unha actividade sen fin, nunha danza cósmica.

O universo, visto como unha arañeira dinámica.

O movemento e o ritmo da natureza, como parte das súas propiedades esenciais.

O coñecemento, como escoita poética da natureza.

A harmonía entre ciencia, filosofía e arte.

A danza da pedagogía ambiental e os seus pasos creativos.

E este planeta acubíllanos, á espera de que o escoitemos e actuemos con amor.

Desexo finalmente convidar aos relatores que onte na conferencia central nos faláron sobre *“Política e educación ambiental,*

cara á construción da sustentabilidade” para que dancen connosco, que nos referimos á pedagogía ambiental a articularmos procesos filosóficos e políticos coa acción educativa e creadora. Nunha danza nova, harmoniosa e futurista, cos “sete pasos” e as miradas plenas de tenrura. A lembrarmos o gran poeta arxentino e universal Roberto JUARROZ, que nun dos seus *Poemas verticais* nos dicía:

“Pensar entre dous, coma se facer o pensamento fose igual que facer o amor.”

Construamos xuntos a nova utopía, nun abrazo solidario de sentimentos e acción!